



Dúas variacións sobre o Vákner

Ramón Caride¹

O Vákner é unha figura mitolóxica que designa o ser que o peregrino armenio Mártiros, bispo de Arzendjan, atopou no seu camiño a Fisterra en 1492, e que se converteu hoxe nun símbolo da peregrinación xacobeá fisterrá. Trátase dun animal descoñecido e cunha denominación atípica. O bispo Mártiros peregrinou a Roma, e logo continuou viaxe por Europa, chegando a Santiago de Compostela e desde aquí a Fisterra, pasando en total 84 días en Galicia. De todo o seu periplo, que durou máis de seis anos, deixou memoria nun escrito en armenio, que se publicou en Francia, e en 1898 en España. O bispo conta como nos montes de Buxantes, en Dumbria, despois de recibir a bendición de Santiago, “púxenme en camiño e cheguei á extremidade do mundo, á praia da Santa Virxe, a un edificio que foi construído pola propia man do apóstolo san Paulo e que os francos chaman Santa María de Fisterra. Padecín moitos traballos e fatigas nesta viaxe, na cal topei con gran cantidade de bestas moi perigosas. Encontramos o Vákner, animal grande e dañino, do que libramos por milagre”².

I

Nos camiños do tempo

A moza sentía o corazón a piques de lle saír fóra do peito. Tentou sosegar, e non foi quen. Que é o que estaba a facer coa súa vida, indo por onde andaba? Aínda o sabía hai pouco. Hai un intre aínda o tiña claro. Agora xa non estaba

moi certa. A soidade e a indefensión estaban dando conta dos seus azos. Ollou para atrás. Albiscou, aínda por un instante, a fita de asfalto que se perdía nas revoltas, a estrada da que partía a vereá estreita con piso de terra que ninguén máis ca ela transitaba daquela.

Os piñeiros zoaban, cun son alleo e ferinte, abanados polo vento dun solpor que xa se presentía chegando entre os outeiros. O mesmo vento que lle proía nos ouvidos e lle remexía os cabelos. Non lle gustaba aquel sitio, tan distinto da cidade. O carreiro viraba pola aba do monte, ancheaba ás veces, sen moita traza de rematar axiña. Facíasele longo. Ela non traía moita equipaxe consigo. Así e todo, e mesmo que a pendente non fose tanta, o camiño agora semellaba moi costa arriba. O cansazo dos días precedentes e as noites sen poder pegar ollo, agoniada pola súa situación e as escasas expectativas, estaban a lle pasar factura.

Na véspera, na enésima vela feita de insomnio e desacougos, logo de lle dar tantas voltas, asumira que non tiña moito que perder ao vir a este lugar. Un sitio ubicado na fin do mundo no que nunca antes estivera, nin imaxinara estar algún día. Así son as cousas, dicía a súa avoa, o que está para unha non o leva o demo... Ao comezo, cando lle falaban de vir aquí, negábase nin a consideralo sequera. Mais por veces as cousas van saíndo todas ao revés, de xeito que as portas se van fechando unha por unha, e non se abren outras novas. Nunca. O mundo

¹ https://gl.wikipedia.org/wiki/Ramon_Caride; <https://www.aelg.gal/centro-documentacion/autores-as/ramon-caride>; <https://www.instagram.com/ramoncaride/>.

² Da páxina web *Galicia Encantada* (<https://galiciaencantada.com/lenda.asp?cat=19&id=2773>).

é así de fodido, pois é. Considerou, ao cabo, que outras fixeran antes aquel camiño e voltarán satisfeitas e con mellor vida da que tiñan antes; ela tampouco tiña moito onde escoller, nas súas circunstancias. E mesmo con todo iso ás costas, agora case dubidaba. Estaría facendo o que debía?

Meditara moito se lle conviña vir ou se non. A pesar de que tivese considerado tantas veces todas e cada unha das súas limitadas alternativas e non vise outra solución, arestora non as tiña todas consigo. Así e todo, avisáranlle que tivese moito coidadiño con cada paso, porque se cadra este camiño, a semellanza da pista pola que andaba, non ía a destino certo. Nin daría en cousa boa. Mellor sería nin pensalo. Quen puidese baleirar o lixo da cabeza. Porén contábanse cousas noxentas, historias que daban arrepío, do que lles acontecera a algunhas persoas con aquelas bestas bravas, grandes e agresivas. Tentou desbotar semellantes presaxios de infortunio. Mais a soidade e o desamparo son cargas duras de carrexar.

Nin sequera o podía contar segundo a quen. Nin atreverse a falalo coas persoas que máis quería. Iso xamais. E case que con ninguén. O mesmo condutor do taxi que ela collera en Dumbria, cando chegara esa tarde nun autocar desde Santiago de Compostela, —case dúas horas de paisaxes estrañas, nas que só os eidos medrados de millo lle poderían lembrar algo familiar— tampouco lle quixera dar a mínima información do que ela levaba escrito nun papel. E nin tan sequera levala até o sitio preciso no vehículo. Xa non puxera boa cara ao ver o enderezo. Respostaba a todo con monosílabos. E cando viu que a noite se lle ía botar enriba, parou o carro ao pé da pista forestal. “Non ten perda, siga por aquí. O camiño vai dereito”.

Non fixo caso das súas protestas. “A partir de aquí, vaia soa. Está cerca. Eu non quero volver máis por aí”. Ela quixo preguntar o porqué, e o home non lle deu nin tempo. Fíxoas baixar do coche e deu volta axiña, coma se quitase un peso inconmensurábel de riba. Liscou por onde a trouxera. Mirouno alonxarse, e logo pensou que debía chegar canto antes. Non era cousa de agardar por ninguén e tampouco non tiña camiño de volta. Se cadra ao home agardáballes un prato quente na mesa e unha familia garimosa. Se cadra non, só era medo. Que importaba.

En todo caso ela non tiña outro remedio senón ir ao encontro do seu sino. E cando chegase, tentar liscar enteira das súas gadoupas, se a fortuna ou Deus lle eran propicios. A fame era a fame. A súa filla pequena e a súa propia nai

que deixara atrás dependían dela para o sustento. Mais agora non sabía se a recompensa da súa estraña peregrinación compensaría o risco azaroso dos seus pasos. Tanto tiña, xa era tarde demais para semellantes lérias.

Afogado as bágoas, forzouse a acelerar o ritmo dos pés riba do sábreo. Ao cabo, cando xa desesperaba, a un tempo decepcionada e arrepentida, viu por fin o letreiro de neón coas siluetas provocativas e as letras rechamantes. *VÁKNER-Night Club-Sexy Girls*.

II

O monstro e o camiñante

Fumegan as tellas na aldea afastada, detrás dos penedos foise pondo o sol. O gando repousa abrigado nas cortes, a cuberto do vento noitarenco e frío. Un neoeiro mesto vaise achegando da parte do mar da fin da terra. Axudándose dun caxato, coa cabeza mal cuberta pola carapucha dun hábito basto e decolorido, que semella ter sido vestimenta de frade hai moito tempo, camiña paseniño un home, só polo medio do monte.

O camiñante non é xa moi novo, mais aínda semella rexo. Unha barba tupida cóbrelle o rostro, sulcado en engurras. A noite sen lúa, cuberto arestora polas nubes negras, sorpréndeo no camiño contra da súa vontade. Quería apousentar no abeiro da aldea antes de ter a noite enriba, mais o tempo mudábel desta costa estraña e imprevisíbel non lle deixou facer tanto percorrido. Non as leva todas consigo, o camiñante. Agoiran dentro del infaustos presaxios. Faláronlle de cousas escuras e sinistras que espreditan nas tebras, nestas paraxes montesías perdidas da man de Deus. El confía na súa fe e na súa determinación para culminar a peregrinaxe ao santuario da Virxe nos confíns do mundo. Toca a santa reliquia do apóstolo, que garda perto do corazón coma unha figa, e a pequena cruz de prata, que o acompaña na súa longa viaxe, desde o Oriente arredado onde viu a luz primeira.

De súpeto, o camiñante escoita ou imaxina oír un raro murmurio. Un ecoar disconforme, no medio dos ruídos das animalias e do zunido do vento. Párase e atende. Semellan ser pasos indecisos. Talmente como as pisadas vacilantes de alguén que coxease ou arrastrase o corpo. O seu ritmo é estraño e arrepiante.

—Quen anda aí? No nome do Noso Señor Xesucristo, fágase ver! Son home de paz, peregrino da fe! Non fago mal nin temo recibilo, coa axuda de Deus!

O rumor de pasos cesa, coma se asexasen. O peregrino para tamén. Repite, sen saber a quen.

—No nome do Noso Señor, móstrase quen sexa! —estende as mans espidas para facer ver que non leva arma ningunha.

Aínda o marmurio tarda en se escoitar de novo. Cando se reanuda, o camiñante advirte, sobrecollido, que se lle vai achegando. Ao cabo unha raiola de lúar permítelle enxergar o vulto disconforme e repulsivo que lle saiu ao paso.

É unha figura outa, monstrosa, que lle sobrepasa en estatura —e o peregrino non é home cativo—, e sobre todo en deformidade. Ten un lado enteiro do corpo espantosamente inchado, a cara deformada polo tumor e as feridas, un ollo apenas aberto, comido polo edema que lle sae do beizo, os cabelos ralos e con cotras, unha perna inmensa que arrastra e un brazo raquítrico, coma de meniño. O camiñante non é quen de seguir mirando, e agradece, sen atreverse a confesalo, a providencial nube escura que lle evita agora a visión de semellante corpo infernal.

—No nome de Deus! Quen sodes? Que facedes nestas soidades? Poderedes falar? O Señor teña compaixón...

—Non tivo... non. Comigo ninguén... a tivo. —dá arfado ao cabo o enxendro, tras un instante de vacilación, como se lle custase atopar as palabras— A enfermidade e a mala fortuna deixárome así... reducido a esta miseria.

—Vállame Deus! E como? Non tedes axuda de ninguén? —a cara do interlocutor defórmasse máis aínda, nalgo que quere ser un sorriso e que acaba nun xesto agre.

—Axuda, dis? Ninguén quere saber nada de min. Dis que son un monstro... A xente foxe. Cando me achego a calquera aldea, os meniños berran de espanto. Os homes encirran os cans contra min e deitan cantazos no meu lombo... Eu era un home coma ti, gañaba a vida coa miña suor, coma calquera... Traballei arreo, tiven casa e familia. Mesmo fun devoto de Deus e os santos.

—Os camiños do Señor son revirados... —comeza o peregrino. Mais o enxendro non deixa debullar os consolos.

—Non me fagas rir, que das noxo! Revirados, dis? Que mal fixen eu para padecer este andacio? Eu buligaba a traballar e sufrir, un escravo da terra... Até que caín doente, e deu o meu corpo en se facer unha cousa malfeita, cando me puxen chepudo e cuberto de eivas... Daquela botáronme da casa, nin a familia me quixo... Seica era un castigo do ceo. Castigo

polo que? Tiven que sobrevivir como podía no monte, vestido coas peles das bestas e comendo coma elas...

O camiñante persígnase, asombrado e confuso, mentres o outro prosegue os seus laios, cada vez máis excitado.

—Chámanme monstro, e afástanse!... Escoitarías falar de min, de seguro. As comadres besbellan o meu nome... Din que mato xente, mais o que elas non din é que viñeron matarme por ser distinto, e que me defendín... Así comezou todo, agora xa nin teño compaixón eu tampouco. Non a tiveron comigo... Cando atopo alguén coma ti, quítolle canto ten! E mesmo a vida, se cómpre!

—Son un home de Deus, advírtoche!

—Home de Deus? Homes de Deus somos todos, se é que o hai. Eu son tan home de Deus coma ti, malia que non o aparente. Pois quen es, logo?

—Son Mártiros, bispo na Armenia.

—Ti es un bispo? E que fas con estes farra-
pos, no medio desta paraxe? E onde está iso? De onde dis que vés?

—Está a moitos meses de viaxe, cara á saída do sol. Eu levo anos peregrinando os santuarios da nosa fe, movido polo amor aos santos lugares...

—Santos Lugares? Hai lugares máis santos ca outros? Non dicides que Deus está en todas partes? Na cova onde me agocho nunca o vin, nin en ningures... E ti es bispo? Tiñas casa, familia, acougo... e andas así, por vontade propia?

—Tiña todo iso, mais por amor ao Noso Señor...

—Mala centella te coma! Cala! Ía matarte e quitarche todo, mais sería facerche un favor... És máis desgrazado aínda ca min. Vas detrás dun soño. Deliras, perseguindo fume coma se puideras apreixalo coas mans... Tiñas todo para ser feliz e bótaste aos camiños. Non ves que iso é de tolos?... Estás perdidíño dos miolos, tan mal por dentro que matarte só sería darche alivio. Voute deixar vivir coa túa tolemia, para que aprendas o que é a vida...

Seguiron falando un anaco. Ao cabo, o bispo ficou só. Volveu andar, matinando. Algo lle remexía por dentro.

Entrou na aldea. Aínda era noite pechada. Bateu nunha porta.

—Quen chama a estas horas? —berraron na casa.

—Chamádeme Vákner!